



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** Casa do Concello  
**Día:** 20 de abril de 2017  
**Hora de comezo:** 14.15 h  
**Hora de remate:** 14.45 h

### **ASISTENTES:**

Don Manuel Fernández Munín  
Dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebeiro  
Don Antonio González Barral  
Don Jesús Sanjuás Mera

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Xustificación subvención do programa FOAYIA “Melloras nos acabados interiores da casa do concello”. Ano 2016**
- 3. Renovación contrato do servizo de dependencia**
- 4. Devolución aval UDESA**
- 5. Licenzas de segregación**
- 6. Licenzas de obras**
- 7. Altas no servizo de abastecemento / saneamento**
- 8. Reclamación de contía por danos ocasionados en farol ornamental roto en Lestedo.**
- 9. Rexeitamento alegación presentada por propietario da construción sita nas inmediacións do Pico Sacro e aprobación do proxecto de derruba da estrutura.**
- 10. Rogos e preguntas**

### **DELIBERACIÓNS**

## 1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 6 de abril do 2017.

## 2.Xustificación subvención do programa FOAYIA “Melloras nos acabados interiores da casa do concello”. Ano 2016

Con data do 18 de novembro de 2015 saíu publicado no BOP núm. 221 as bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido ós concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para actividades de promoción económica durante o ano 2016 (programa FOAYIA ).

O 17 de de decembro de 2015, o concello de Boqueixón, solicita axuda económica para executar as actividades de promoción económica.

Por resolución número 2016/12191 apróbase a concesión definitiva da subvención correspondente ó programa FOAYIA: convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para investimentos de promoción económica durante o ano 2016: cod exp. 2015000007908. Obxecto: melloras nos acabados interiores da casa do concello, por importe de 6.189,98 €.

Á vista do cal, téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida, a Xunta de Goberno acorda:

1. Imputar a seguinte relación clasificada de gastos realizados, con identificación do nome da empresa, NIF, concepto, tipo de documento, data do documento, número de documento, data de pago.

Concepto aprobado na concesión	Datos do acreedor		Documento xustificativo						Importe imputado
	Nome e apelidos (persoas físicas) Nome de empresa/entidade completo	NIF	Concepto do xustificante	Tipo de documento	Data documento	Nº documento	Data pago	Importe do documento (Indicar só si non coincide co importe imputado)	
MELLORAS NOS ACABADOS INTERIORES DA CASA DO CONCELLO: obras reparacións	BISEL DEZA SL.	B94016821	PORTA AUTOMÁTICA CON VIDRIO LAMINAR	FACTURA	20/12/2016	16/000392	29/12/16	3.509 €	3.509 €
MELLORAS NOS ACABADOS INTERIORES DA CASA DO CONCELLO: obras reparacións	LUIS RAVIÑA S.C	J70210257	ARRANXO DE PASAMÁNS	FACTURA	16/12/2016	060/2016	29/12/16	248,05 €	248,05 €
MELLORAS NOS ACABADOS INTERIORES DA CASA DO CONCELLO:	PINTURAS BOQUEIXON	B70269022	PINTURA INTERIOR CASA DO	FACTURA	29/12/2016	64/2016	30/12/16	1.694€	1.694 €

Concepto aprobado na concesión	Datos do acreedor		Documento xustificativo						Importe imputado
obras reparacións			CONCELLO						
MELLORAS NOS ACABADOS INTERIORES DA CASA DO CONCELLO: obras reparacións. PERSOAL PROPIO DO CONCELLO	JOSÉ ANTONIO CASTRO MARTÍNEZ	xxxxx	NÓMINA MES DE DECEMBRO DE 2016	NÓMINA decembro 2016	31/12/2016	-----	29/12/16	1.655,67 €	(40%) 662,27 €
	JOSÉ ANTONIO CASTRO MARTÍNEZ	xxxxx	SEGURIDADE SOCIAL DA EMPRESA DE DECEMBRO DE 2016	TC decembro 2016	31/12/2016	-----	31/01/17	411,99 €	(40%) 164,80 €
	RAFAEL NEIRA SOUTO	xxxxx	NÓMINA MES DE DECEMBRO DE 2016	NÓMINA decembro 2016	31/12/2016	-----	29/12/16	1.655,67 €	(40%) 662,27 €
	RAFAEL NEIRA SOUTO	xxxxx	SEGURIDADE SOCIAL DA EMPRESA DE DECEMBRO DE 2016	TC decembro 2016	31/12/2016	-----	31/01/17	411,99 €	(40%) 164,80 €
IMPORTE TOTAL XUSTIFICADO								7.105,19 €	

2.- Aprobar a memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación do investimento realizado e dos resultados obtidos, das desviacións acaecidas, etc, asinado dixitalmente.

3.- Que os xustificantes de pago da subvención referenciada, non foron presentados como xustificantes en convocatorias anteriores.

4.- Que a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Deputación da Coruña na información que realizou do desenvolvemento das actividades ou investimentos do proxecto de subvención.

5.- Que non se obtivo ningunha outra subvención, nen axuda económica para o mesmo obxecto.

6.- Que se cumpríu a finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida.

7.- Comunicar este acordo á Deputación da Coruña.

### 3.Renovación contrato do servizo de dependencia

O día 23 de abril de 2015, asinouose o contrato do servizo de prevención da dependencia coa empresa Matilde Calvo Suárez, cunha duración dun ano e a posibilidade de prorrogarse ata un máximo de tres anos máis.

Segundo o art. 23.2 da lei de contratos, no caso de darse prórroga, esta será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

Polo tanto, e ante o próximo vencemento, a Xunta de Goberno acorda:

- Prorrogar o contrato do servizo de prevención da dependencia por un ano máis, ata o 23 de abril de 2018.
- Comunicar este acordo á empresa para que confirme o seu consentimento

#### **4.Devolución aval UDESA**

Con data 29 de marzo de 2016 e rexistro 16/580, a empresa UDESA presenta neste concello un aval por importe de 10.334,41 euros, como garantía da obra denominada “ Punto fronteira Valderrama e liña de media tensión soterrada 20 kv de interconexión a C.T. Camporrapado II ( Boqueixón)”.

Con data 6 de abril de 2017, a arquitecta municipal María Carmen Novoa Sío elabora un informe técnico, onde informa que se pode proceder á devolución do aval.

Polo tanto, tendo en conta o sinalado no art. 235.3 da LCSP e á vista do informe favorable da técnica municipal, a Xunta de Goberno acorda:

- Devolver á empresa UDESA o aval presentado como garantía da obra denominada “ Punto fronteira Valderrama e liña de media tensión soterrada 20 kv de interconexión a C.T. Camporrapado II ( Boqueixón)” por importe de 10.334,41 euros.
- Comunicar este acordo á dita empresa

#### **5.Licenzas de segregación**

Concesión de licenza municipal de parcelación dunha finca en 4 lotes. Expediente 2017/119

Antecedentes:

Con data do 24/01/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/0119, de data do 25/01/2017, por D. Luís xxxxx, con DNI nº: xxxxx, e con domicilio no lugar de xxxxx – Boqueixón, achégase un proxecto técnico de segregación da finca catastral nº: 15012B514004650000LY, que se corresponde coa finca nº: 465, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Codeso - Pousada (Boqueixón – A Coruña). O proxecto técnico esta asinado polo enxeñeiro técnico forestal, Roberto Castro Rocamonde, Colexiado nº: 167; con núm. de visado 160976, de data do 22/12/2016.

A finca obxecto deste expediente, está clasificada urbanísticamente como solo de núcleo rural - ordenanza de núcleo común; e solo rústico.

Con data do 09/02/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un **informe técnico favorable condicional**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, en base á documentación técnica achegada, e solicita nova documentación técnica e administrativa, que xustifique a parcelación que se pretende.

Con data do 21/02/2017, con rexistro de saída n°: 2017/0183, de data do 22/02/2017, pola Alcaldía, comunícaselle ó promotor do expediente o contido do informe técnico, para que presente a documentación técnica e administrativa que no mesmo se solicita.

Con data do 16/03/2017, con rexistro de entrada n°: 2017/0531, de data do 22/03/2017, por Luís Méndez Millán, preséntase un ANEXO técnico de documentación, con n°: de visado 170163, de data do 15/03/2017, en base ao informe técnico do 09/02/2017.

Con data do 30/03/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite o **informe técnico favorable**, e que literalmente di:

- 1. No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada*
- 2. Por tratarse a finca matriz dunha finca de substitución nun procedemento de concentración parcelaria, resulta de aplicación a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. De acordo co artigo 72.e) da devandita Lei, será necesaria a autorización previa do servizo provincial de infraestruturas agrarias da Consellería do Medio Rural.*
- 3. Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.*

Con data do 30/03/2017, con rexistro de saída n°: 2017/0293, pola Alcaldía, solicítase ao Servizo Provincial de Infraestruturas Agrarias, da Consellería do Medio Rural, o informe ou autorización previa, para levar a cabo as actuacións propostas no expediente de referencia.

Con data do 06/04/2017, polo Xefe Territorial da Coruña, da Consellería do Medio Rural, emítase o **informe favorable**, ao expediente de referencia, e que ten entrada neste concello, con rexistro n°: 2017/0701, de data do 11/04/2017.

Consta no expediente o pagamento das taxas municipais, por importe de 246,48 €, realizado aos efectos con data do 03/02/2017.

Con data do 17 de abril de 2017, emítase o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Vistos os antecedentes expostos, e unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a D. Luís xxxxx, con DNI n°: xxxxx, a licenza municipal, para a “parcelación da finca catastral n°: 15012B514004650000LY, que se corresponde coa finca n°: 465, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Codeso - Pousada (Boqueixón – A Coruña), emprazada urbanísticamente en solo de núcleo rural - ordenanza de núcleo

común; e solo rústico, en base á documentación técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

01. Núm. de expediente: 2017 / 0119
02. Promotor da licenza: *Luís xxxxx*
03. D.N.I. do promotor: xxxxx
04. Clasificación urbanística: *solo de núcleo rural; ordenanza de núcleo común; e solo rústico*
05. Tipo de licenza: *Parcelación dunha finca en 4 lotes*
06. Referencia catastral da finca: *15012B514004650000LY*
07. Situación e emprazamento: *A Corna – Pousada – Boqueixón*
08. Proxecto técnico: *ANEXO, de data do 15/03/2017 (visado nº: 170163)*
09. Técnico autor do proxecto: *D. Roberto Castro Rocamonde, colexiado nº: 167*

1. Parcela inicial:

1.1. - Parcela nº 465, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de Codeso - Pousada (Boqueixón – A Coruña): rústica, destinada a prado seco e monte, ao sitio chamado “Zanca de Sobrín”, cunha superficie de noventa e catro áreas e oitenta centiáreas (9480 m<sup>2</sup>); e que linda: norte, José xxxxx (469), Francisca xxxxx (471); Sur, estrada de Vilar a Camporrapado; leste, Carmen xxxxx (464); e Oeste, José María xxxxx (466). Identificada coa referencia catastral nº.: 15012B514004650000LY. Inscripción: Tomo 1408 – Libro 103 – Folio 211 – Finca 20766.

2. Parcelas resultantes:

2.1 – Parcela nº 465-A: cunha superficie de 1010 m<sup>2</sup>; en que linda:

Norte:	José xxxxx (469)
Sur:	Estrada de Vilar a Camporrapado
Leste:	Parcela segregada 465-B, que logo se dirá
Oeste:	José María xxxxx (466)

2.2 – Parcela nº 465B: cunha superficie de 1010 m<sup>2</sup>; en que linda:

Norte:	José xxxxx (469)
Sur:	Estrada de Vilar a Camporrapado
Leste:	Parcela segregada 465-C, que logo se dirá
Oeste:	Parcela segregada 465-A, descrita anteriormente

2.3 – Parcela nº 465C: cunha superficie de 1010 m<sup>2</sup>; en que linda:

Norte:	José xxxxx (469)
Sur:	Estrada de Vilar a Camporrapado
Leste:	Resto da finca matriz, que logo se dirá
Oeste:	Parcela segregada 465-B, descrita anteriormente

2.4 – Parcela nº 465-resto da finca matriz: cunha superficie de 6206 m<sup>2</sup>; en que linda:

Norte:	Francisca xxxx (471)
Sur:	Estrada de Vilar a Camporrapado
Leste:	Carmen xxxxx (464)

Oeste:	Parcela segregada 465-C, descrita anteriormente, e parcela de cesión
--------	--

2.5 – Parcela de cesión: cunha superficie de 244 m<sup>2</sup>; en que linda:

Norte:	Parcelas segregadas 465A-465B e 465C, descritas anteriormente
Sur:	Estrada de Vilar a Camporrapado
Leste:	Resto da finca matriz 465, descrita anteriormente
Oeste:	José María xxxxx (466)

Segundo:

Aceptar, en base ao establecido no artigo 24.2, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; as cesións municipais correspondentes ás parcelas 465-A (83 m<sup>2</sup>); 465-B (81 m<sup>2</sup>); e 465-C (80 m<sup>2</sup>); para un total de 244 m<sup>2</sup> de cesión, e destinalos á ampliación da vía pública á que da fronte.

Deberá presentar, a nome do concello de Boqueixón, a escritura pública de cesión.

Terceiro:

Notificar este acordo ao interesado

## **6.Licenzas de obras**

A) Ampliación de prazo, para o inicio das obras de ampliación dunha explotación existente de gando vacún leiteiro.

Antecedentes:

Con data do 06/10/2016, na Xunta de Goberno Local, foille concedida a licenza municipal de obras nº: 16/961, a D. Álvaro xxxxx, con DNI nº: xxxxx, para realizar obras de “*ampliación dunha explotación existente de gando vacún leiteiro*”, sita no lugar de Carabán, na parroquia de Vigo, neste Concello de Boqueixón. A dita licenza foi recibida polo promotor, con data do 13 de outubro de 2016.

Con data do 07/04/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/0673, por D. Álvaro xxxxx, preséntase unha solicitude de ampliación do prazo inicial da execución das obras, para a ampliación dunha explotación existente de gando vacún leiteiro, aportando unha copia da licenza outorgada con data do 06/10/2016.

Vista esta solicitude presentada, resulta o seguinte:

- *A licenza foi outorgada con data do 06/10/2016, e recibida con data do 13/06/2016*
- *A licenza outorgada está conforme coa ordenación urbanística vixente.*
- *A solicitude de ampliación de prazo foi presentada en tempo e forma.*
- *Resulta de aplicación o artigo 359.3 do Regulamento da Lei 2/2010, do Solo de Galicia.*

Comprobado que a solicitude presentada por D. Álvaro xxxxx, cumpre co disposto na lexislación vixente, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, un novo prazo para o inicio das obras, con relación á licenza municipal de obras nº: 16/961, a nome de D. Álvaro xxxxx, con DNI nº: xxxxx, para realizar obras de “ampliación dunha explotación existente de gando vacún leiteiro”, sita no lugar de Carabán, na parroquia de Vigo, neste concello de Boqueixón, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes novas condicións:

a.-) Condicións particulares:

01. Número do expediente de solicitude de novo prazo: **2017/0673**
02. Número do expediente da licenza municipal: 2016/592
03. Número de licenza municipal de obras: **16/961**
04. Promotor do expediente: Álvaro xxxxx
05. D.N.I. do promotor: xxxxx
06. Clasificación urbanística das parcelas: Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria
07. Tipo de licenza: Ampliación de explotación existente de gando vacún leiteiro
08. Situación e emprazamento: Carabán - Vigo
09. Referencia catastral das parcelas: 15012A503004410000WM – 15012B503004400000WF
10. Taxa municipal da tramitación do expediente: 187,90 € (abonada con data do 31/03/2016)
11. Orzamento de execución material das obras: 73738,70 €
12. Liquidación do I.C.I.O.: 1401,04 € (abonado con data do 13/10/2016)
13. Técnico redactor do proxecto: Juan M. Hermida Vázquez, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado núm. 876
14. Novos prazos de execución:
  - Para comezar as obras: 6 meses - desde o día seguinte a notificación deste expediente
  - Para terminar as obras: 13 de outubro de 2019

b.-) Condicións especiais:

15. As obras a executar, deberanse adaptar as recollidas no proxecto técnico e Anexo I visados, e que serviron de base para a tramitación do expediente da licenza concedida. Calquera outra actuación que se vaia a realizar, non incluída na dita documentación técnica, precisará de nova autorización administrativa, ben sexa mediante licenza de obras, ou por comunicación previa, segundo o caso.

16. As condicións establecidas na Declaración de Incidencia Ambiental, son de obrigado cumprimento.

17. Antes do inicio das obras, achegaranse os oficios de dirección de obra, de dirección de execución, e de coordinación de seguridade e saúde.

Segundo:

Notificar este acordo ó interesado

B) Licenza municipal de obras: construción de vivenda unifamiliar illada, e peche de parcela.

Neste intre a concelleira María del Carmen Botana Cebeiro sae do salón de sesións.



### Antecedentes:

Con data do 23/06/2016, con rexistro de entrada nº: 2016/1299, por D<sup>a</sup> María del Carmen xxxxx, con DNI nº: xxxxx, con domicilio no lugar de xxxxx – Lestedo (15881 – Boqueixón – A Coruña), achégase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a construción dunha vivenda unifamiliar illada e peche de parcela, no lugar da Picota, na parroquia de Sta. María de Lestedo, presentando un proxecto técnico básico e de execución, asinado polo arquitecto D. Jorge Vales Fernández, colexiado nº: 3.900.

Con data do 30/06/2016, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un informe técnico favorable condicional, en base á documentación técnica achegada, mediante o cal solicita mais documentación técnica a administrativa, que xustifique a legalidade urbanística vixente, para a concesión da licenza municipal de obras.

Mediante envío de correos electrónicos, con data do 8 e 12 de xullo de 2016, ponse o contido do informe técnico en coñecemento do arquitecto asinante do proxecto técnico, e da promotora do mesmo, para que acheguen as modificacións que no mesmo se solicitan.

Con data do 19/01/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/0091, por D<sup>a</sup>. María del Carmen xxxxx, con DNI nº: xxxxx, preséntase unha nova documentación, en base ao informe técnico de data do 30/06/2016.

Con data do 06/04/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite o **informe técnico favorable**, en base á nova documentación técnica achegada, e que literalmente di:

- 1. No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.*
- 2. Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal de obras, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.*

Con data do 17 de abril de 2017, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- *A solicitude da licenza municipal de obras*
- *O modelo de estatística de edificación e vivenda*
- *O proxecto técnico básico e de execución de obras, con nº: de visado 1603591,1; de data do 17/06/2016.*
- *O xustificante de pago das taxas municipais, do 27/06/2016, por importe de 330,94 €*
- *O informe técnico favorable condicional, de data do 30 de xuño de 2016*
- *O ANEXO I, ó proxecto técnico inicial, con nº: de visado 1603591,4; de data do 02/11/2016*
- *A certificación catastral descritiva e gráfica da parcela, a nome da promotora*
- *O oficio de dirección de obra*
- *O oficio de dirección de execución de obra*
- *O oficio de coordinación de seguridade e saúde*
- *A calificación enerxética do proxecto*
- *A inscrición no rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios*
- *O informe técnico favorable, de data do 6 de abril de 2017*

Vistos os antecedentes expostos, e unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno, por maioría dos membros presentes, acorda :

Primeiro:

Conceder, a “licenza municipal de obras”, a D<sup>a</sup>. María del Carmen xxxxx, con DNI nº: xxxxx, para as seguintes actuacións:

- Construción dunha vivenda unifamiliar illada
- Construción dun peche de parcela

Esta licenza concédese salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

1. Número do expediente municipal: 2016 / 1299
2. Promotora do expediente: María del Carmen xxxxx
3. D.N.I. da promotora: xxxxx
4. Ordenanza: Solo de núcleo rural. Ordenanza de núcleo común
5. Tipo de licenza: Construción dunha vivenda unifamiliar illada, e peche de parcela
6. Situación e emprazamento: Lugar da Picota – Parroquia de Sta. María de Lestedo
7. Referencia catastral da parcela: 15012A506004770000WS
8. Superficie da parcela no proxecto: 2.882,70 m<sup>2</sup> (mínima permitida 500 m<sup>2</sup>)
9. Ocupación no proxecto: 10,13 % - (máxima permitida 25 %)
10. Edificabilidade no proxecto: 0,13 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> - (máxima permitida 0,25 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>)
11. Superficie construída no proxecto: 374,88 m<sup>2</sup> (máxima permitida 720,67 m<sup>2</sup>)
12. Altura vivenda no proxecto: B+1 > 6,77 m. (máxima permitida B+1 > 7,00 m)
13. Taxa municipal pola tramitación do expediente: 330,94 (abonada con data 27/06/2016)
14. Orzamento de execución material das obras do expediente: 138.171,42
15. Liquidación do I.C.I.O. (1,9%, segundo ordenanza vixente): 2.625,26 €
16. Técnico redactor do proxecto: Jorge Vales Fernández, colexiado nº: 3.900 COAG
17. Prazos de execución:
  - Para comezar as obras: 6 meses (desde o recibo de notificación desta licenza)
  - Para terminar as obras: 3 anos (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

18. As obras a executar, deberanse adaptar as recollidas no proxecto técnico básico e de execución e anexo, que serviron de base para a tramitación deste expediente, con números de visado 1603591,1; de data do 17/06/2016; e 1603591,4; de data do 02/11/2016.
19. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: Tipo de obra; número de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora.
20. A altura máxima do peche opaco será de 1,20 m; a altura máxima do peche de malla será de 1,20 m; e os materiais e cores empregados, serán os que se indican no plano nº: U07, con número de visado 16003591,5; de data do 29/03/2017.
21. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes.
22. No caso de invadir a vía pública durante a execución das obras, deberanse tomar as medidas de seguridade e saúde necesarias.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de 2.625,26 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación do ICIO:

A liquidación por importe de **2.625,26 €**, será ingresada na tesourería deste concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, a nome do “concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo, a María del Carmen xxxxx

C) Licenza municipal de 1ª ocupación, con relación a construción dunha vivenda unifamiliar illada, sita no lugar de Camporrapado, na parroquia de Oural. Exped. licenza de obras : 15/0570. Licenza de obras nº : 15/0492. Expte. solicitude licenza 1ª ocupación: 2017 / 0057.

Neste intre a concellería Mª Carmen xxxxx entra novamente no salón de sesión do concello.

Antecedentes:

Con data do 04/06/2015, a Xunta de Goberno Local, outorgou a licenza municipal de obras (n.: 15/0492), a don Gumersindo xxxxx, con D.N.I. nº: xxxxx, para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, sita no lugar de Camporrapado, na parroquia de Oural.

Con data do 12/01/2017 (con rexistro de entrada 2017/0057), por don Gumersindo xxxxx, con D.N.I. nº: xxxxx, preséntase a solicitude de licenza de 1ª ocupación, en base ás obras executadas na edificación dunha vivenda unifamiliar illada, sita no lugar de Camporrapado, na parroquia de Oural, en base á licenza municipal de obras nº: 15/0492.

Con data do 06/04/2017, por María Carmen Novoa Sío (arquitecta municipal), emítase o informe técnico, con relación a toda a documentación presentada (logo da visita de comprobación ás obras executadas), e que basicamente di:

Con data do 12 de xaneiro de 2017, achégase a seguinte documentación:

- Certificado final de obra, asinado polo director da obra, o arquitecto D. José Antonio Hernando Ezquerro (COAG 1779), e polos directores da execución, os arquitectos técnicos D. Gonzalo Navaza Mosteiro e D. Pedro Navaza Sa (COATIEAC 891 e 2883), e visado polo COATIEAC, con data do 21 de decembro de 2016.
- Liquidación final da obra executada
- Reportaxe fotográfica do exterior da vivenda
- Memoria e planos do estado final da obra
- 

Con data do 29 de marzo de 2017 (Re nº 2017/0582), achégase a seguinte documentación:

- Etiqueta e certificación de eficiencia enerxética do edificio rematado, rexistrado no INEGA
- Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible, de conformidade coa súa normativa reguladora

De acordo co anexo I do certificado final de obras achegado, realizáronse as seguintes modificacións durante a execución das obras:

- Elimínase o tabique de separación entre a cociña e o estar-comedor
- Elimínase a rampla de entrada ó garaxe e as escaleiras do soportal
- Auméntase un chanzo nas escaleiras da fachada posterior
- Diminúe a superficie da planta baixo cuberta
- Colócase unha fiestra inclinada en cuberta

Xustifícase o cumprimento da normativa de habitabilidade, polo que se considera que son compatibles coas condicións da licenza.

Con data do 29 de marzo de 2017, achégase fotografía das fachadas rematadas.

#### Conclusión do informe técnico:

En consecuencia, realizada visita de comprobación á obra executada, e vista a totalidade da documentación presentada, considérase que **as obras executadas axústanse á licenza de obra concedida, coas modificacións incorporadas no CFO (certificado final de obra)**

Unha vez o expediente completo, á vista do informe técnico de data do 12 de abril de 2017, así como comprobado o pagamento da taxa municipal, por importe de 61,62 €, efectuado aos efectos con data do 16/01/2017, a Xunta de Goberno acorda:

#### Primeiro:

Outorgar, a don Gumersindo xxxxx, con D.N.I. nº: xxxxx, a “licenza municipal de 1ª Ocupación”, dunha vivenda unifamiliar illada, edificada en base á licenza municipal de obras nº: 15/0492, de data do 04/06/2015, sita no lugar de Camporrapado, na parroquia de Oural (15882 - Boqueixón – A Coruña), emprazada na parcela catastral nº: 15012B510010880000LL, en canto a competencia municipal, e sen prexuízo da que corresponda a outros organismos.

#### Segundo:

Deberá dar de alta a nova construción, na Xerencia Territorial do Catastro de Galicia, presentando o modelo de declaración catastral 902N, coa documentación que o mesmo indica.

#### Terceiro:

Notificar este acordo ó interesado

D) Licenza municipal de 1ª ocupación, con relación a construción dunha vivenda unifamiliar illada, sita no lugar de Rubial, na parroquia de Lestedo. Expte. licenza de obras : 13/1347. Licenza de obras nº : 13/894. Expte. solicitude licenza 1ª ocupación: 2016 / 2600.

#### Antecedentes:

Con data do 19/09/2013, a Xunta de Goberno Local, outorgou a licenza municipal de obras (n.: 13/894), a don Óscar xxxxx, con D.N.I. n.º: xxxxx, para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, sita no lugar de Rubial, na parroquia de Lestedo.

Con data do 24/11/2016 (con rexistro de entrada 2016/2600), por don Óscar xxxxx, con D.N.I. n.º: xxxxx, preséntase a solicitude de licenza de 1ª ocupación, en base ás obras executadas na edificación dunha vivenda unifamiliar illada, sita no lugar de Rubial, na parroquia de Lestedo, en base á licenza municipal de obras n.º: 13/894.

Con data do 12/04/2017, por María Carmen Novoa Sío (arquitecta municipal), emítase o informe técnico con relación a toda a documentación presentada (logo da visita de comprobación ás obras executadas), e que basicamente di:

Con data do 24 de novembro de 2016, achégase a seguinte documentación:

- Certificado final de obra (en adiante CFO), asinado polos directores da obra e da execución, o arquitecto D. Adrián Martín Prieto (COAG 3677), e o arquitecto técnico D. Óscar Fidalgo Longueira (COATIAC), e visado polo COG con data do 18 de novembro de 2016 (n.º: visado 1304820,7).
- Memoria e planos das modificacións con respecto á licenza
- Certificado de eficiencia enerxética, sen rexistrar no INEGA

Con data do 1 de decembro de 2016, emitíuse un informe técnico, indicando a necesidade de achegar documentación a maiores, antes da inspección das obras executadas. Posteriormente achegouse a seguinte documentación complementaria:

- Xustificante da liquidación da taxa correspondente
- Datos identificativos do solicitante
- Copia da solicitude de alta no catastro
- Certificación e etiqueta de eficiencia enerxética do edificio rematado rexistrado no INEGA
- Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible

Con data do 13 de xaneiro de 2017, presentouse a seguinte documentación:

- Corrección do anexo de modificación do CFO, no que se engade o seguinte punto: *“a petición da propiedade, modifícanse os peches executándose en formigón armado acabado con pintura branca”*
- Plano de alzados dos muros de peche (014), indicando as dimensións coincidentes coa realidade observada na visita
- Reportaxe fotográfica de dous dos muros

De acordo co anexo I do certificado final de obras achegado, realizáronse as seguintes modificacións durante a execución das obras (**compatibles coas condicións da licenza**):

- Substitúese o taboleiro contrachapado interior previsto na solución de fachada, por unha folla de ladrillo semimacizo de 8 cm. de espesor
- Modifícase o deseño da escaleira interior de subida ó atillo. A posición, desenvolvemento e dimensións son idénticas ás do proxecto
- Non se executan os falsos teitos exteriores de madeira
- Non se colocan os portalóns de acceso peonil e rodado

- Modifícase o acabado da cuberta de cinc previsto no proxecto, e no seo lugar colócase tella cerámica.

#### Conclusión do informe técnico:

En consecuencia, realizada visita de comprobación á obra executada, e vista a totalidade da documentación presentada, considérase que **as obras executadas axústanse á licenza de obra concedida, coas modificacións incorporadas no CFO (certificado final de obra)**

Unha vez o expediente completo, á vista do informe técnico de data do 12 de abril de 2017, a Xunta de Goberno acorda:

#### Primeiro:

Outorgar, a Óscar xxxxx, con D.N.I. nº: xxxxx, a “licenza municipal de 1ª Ocupación”, dunha vivenda unifamiliar illada, edificada en base á licenza municipal de obras nº: 13/894, de data do 19/09/2013, sita no lugar de Rubial, nº: 25, na parroquia de Sta. María de Lestedo (Boqueixón – A Coruña), emprazada na parcela catastral nº: 15012A506020090000WB, en canto a competencia municipal, e sen prexuízo da que corresponda a outros organismos.

#### Segundo:

Notificar este acordo ó interesado

## **7. Altas no servizo de abastecemento / saneamento**

### A) Alta en Abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga, inclúese como beneficiario do servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmoible	Taxa	Importe conexión/ instalación contador
Alba xxxxx xxxxx Teo (A Coruña)	xxxxx	xxxxx - Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €	483,98 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

**1º-** Dar de alta no servizo de abastecemento á usuaria que se detalla na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes, así como os importes pola conexión á rede, que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida é para vivenda.

Dita taxa pola alta de abastecemento, correspondente a Alba xxxxx, foi aboada pola interesada nas arcas municipais con data do 23/03/2017. Así mesmo, o ingreso pola conexión á rede de abastecemento foi efectuado pola mesma interesada, segundo o xustificante de ingreso que consta no expediente, coa mesma data do 23/03/2017.

**2.-** Notificar este acordo á beneficiaria citada anteriormente ó enderezo fiscal indicado:

### B) Alta en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúese como beneficiaria de dito servizo á usuaria que se relaciona a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmoible	Taxa
María xxxxx Xxxxx Sergude – 15881 Boqueixón	xxxxx	Gándara – Sergude 15881 Boqueixón	54,86 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

**1-** Dar de alta no servizo de saneamento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

A alta concedida é para vivenda.

A dita taxa de saneamento, correspondente a María xxxxx foi aboada pola interesada nas arcas municipais con data do 12/04/2017.

**2.-** Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente ó enderezo fiscal indicado:

### **8.Reclamación de contía por danos ocasionados en farol ornamental roto en Lestedo.**

Con data 16 de abril do 2017 o vehículo-furgoneta, marca Citroen, modelo Jumpy KB confort 1.9 D 8P 5p matrícula xxxxx, impactou contra unha luminaria pública ornamental no lugar de Lestedo, rúa Mestre Manuel Gacio, destrozando o farol.

A furgoneta está asegurada na compañía de seguros Reale Seguros.

O axente de seguros Reale Seguros Lestedo remite por correo electrónico os datos da citada furgoneta, así como as condicións particulares do seguro.

Consta no expediente reportaxe fotográfica do farol destrozado e presuposto número 683, de data 18-04-2017, realizado pola empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL, empresa encargada do mantemento da iluminación pública do concello de Boqueixón, que reflicte o custo de reposición do farol ornamental roto no lugar de Lestedo, rúa Mestre Manuel Gacio o día 16 de abril do 2017.

Ascenden os traballos de reposición do farol roto a un custo total (con IVE engadido) de 815,70 €.

### Consideracións xurídicas

-O artigo 2.2 do RD 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o regulamento de bens das corporacións locais sinala que “ Os bens de dominio público serán de uso ou de servizo público”.

-O artigo 3.1 do citado regulamento sinala que "Son bens de uso público local camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras pública de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan de competencia da entidade local”.

-O artigo 9.2 do citado regulamento sinala que “As entidades locais teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos”.

-O artigo 44.2 do citado regulamento establece que para a defensa do seu patrimonio e para asegurar a axeitada utilización deste, as corporacións locais poden establecer e impoñer sancións de acordo co previsto na normativa sectorial aplicable.

-Téndose acreditado mediante reportaxe fotográfica os danos ocasionados no farol ornamental roto, no lugar de Lestedo, rúa Mestre Manuel Gacio o día 16 de abril do 2017, polo vehículo-furgoneta, propiedade de don José Luis xxxxx e téndose presuposto de reposición, número 683, de data 18-04-2017, concepto “reposición de farol ornamental roto na rúa Mestre Manuel Gacio” por importe total de 815,70 € (IVE engadido), a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a valoración da reposición do farol roto no lugar de Lestedo, rúa Mestre Manuel Gacio, o 16 de abril do 2017, por importe total de **815,70 €**(IVE engadido).

2. Comunicar á compañía Reale Seguros e ó propietario do vehículo-furgoneta, marca Citroen, modelo Jumpy KB confort 1.9 D 8P 5p, matrícula xxxxx, don José Luis xxxxx, que ou ben o propietario do vehículo ou ben a compañía de seguros, deberán proceder nun prazo máximo de 30 días co aboamento do custo dos traballos de reposición do farol público, destrozado no lugar de Lestedo, rúa Mestre Manuel Gacio, por importe total de 815,70 € IVE engadido. (Número de conta: xxxxx – Abanca)

3. Darlle trámite de audiencia á compañía Reale Seguros e o propietario do vehículo-furgoneta, marca Citroen, modelo Jumpy KB confort 1.9 D 8P 5p, matrícula xxxxx, don José Luis xxxxx, para que no prazo de 10 días poidan presentar alegacións ou documentación oportuna.

## **9.Rexeitamento alegación presentada por propietario da construción sita nas inmediacións do Pico Sacro e aprobación do proxecto de derruba da estrutura .**

### Antecedentes

1.- A Xunta de Goberno en sesión que tivo lugar o 16 de febreiro 2017, acordou iniciar o procedemento de reposición da legalidade urbanística para a demolición da estrutura de formigón situada nas inmediacións do Pico Sacro (Lestedo), na parcela 261, polígono 509, referencia catastral 15090B509002610000TQ, superficie 10.613 m<sup>2</sup>.

2.- Dentro do prazo concedido, aos propietarios, don Ángel xxxxx, con data 24/03/2017 presenta alegación na cal sinala:

- Que a acción ou demanda executiva está caducada ao non terse executada a sentenza firme dentro do prazo legal.
- Que se produce indefensión á parte alegante en canto que ( no suposto de que a acción executiva non estivera caducada), a vía legal e procesal procedente sería a interposición de demanda executiva ante o Tribunal que ditou a sentenza o 16 de marzo de 1982.



- Que non se opón á demolición da construción existente, pero sí se nega en rotundo a que dita demolición ou derribo sexan realizados ao seu cargo.

**Solicita**, que se acorde o arquivo do expediente.

Así mesmo, solicita que se lle remita copia do expediente así como informe escrito sobre o réxime e condicións urbanísticas aplicables ao terreo e á construción.

3.- En Abril 2017, recíbese no concello o proxecto de derruba da citada edificación situada no Pico Sacro, cuxo importe total ascende a 65.809,43 €, tal como se detalla:

-	Actuacións previas-----	2.079,17 €	
-	Derruba-----	42.635,00 €	
-	Xestión residuos -----	550,00 €	
-	Seguridade e saúde -----	440,00 €	
	Presuposto e execución material-----	<b>45.704,17 €</b>	
	13% Custos Xerais -----	5.941,54 €	
	6% Beneficio Industrial-----	2.742,50 €	
		<b>54.387,96 €</b>	
-	21% I.V.E. -----	11.421,47 €	
-	Total -----		<b>65.809,43 €</b>

#### Fundamentos xurídicos

1º - En canto a caducidade, é certo que o artigo 518 da L.E.C. establece a caducidade da acción executiva fundada na sentenza polo transcurso de 5 anos.

Sen embargo, foi o propietario quen non apelou a sentenza que anula a licenza primeiramente concedida e posteriormente suspendida por Decreto da alcaldía de data 19 de outubro de 1979 por considerar que incorría en infracción urbanística grave, polo que a caducidade produciuse tanto pola inacción do concello como do alegante por non terse executada a demolición. Débese ter en conta, que a caducidade non implica a legalización do ilegalmente construído, tendo en conta así mesmo, que a clasificación do solo, sobre o que se sitúan as actuacións, atópase clasificado polo plan xeral de ordenación municipal como **solo rústico de especial protección paisaxística**.

Por outro lado, tampouco procede a consideración dun edificio fora de ordenación, en cuxo caso só se podería realizar obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, e nesta edificación non existe uso de ningún tipo nin é posible que poida existir posto que se trata dunha grande estrutura aberta e inacabada situada en solo rústico de especial protección paisaxística.

En canto á inadecuación do procedemento, non é certo que se produza indefensión posto que tal como establece o artigo 379 do regulamento da lei 2/2016 do solo de Galicia, se lle deu trámite de audiencia, consecuencia do cal se deriva a alegación presentada.

En canto aos custos da demolición o artigo 382 do citado regulamento é claro cando indica no seu apartado 1 que instruído o expediente de reposición da legalidade, se as obras non fosen legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse as medidas correspondentes para restaurar a realidade física alterada e a orde xurídica vulnerada, a **costa do interesado**. Entre outras, a demolición das obras executadas.

Polo que, corresponde aos propietarios, executar directamente a demolición ou ben aboar os custos da demolición no caso de executarse pola administración. Tendo en conta que o propietario indica na súa alegación que se nega en rotundo ao aboamento dos custos e en consecuencia a executar a demolición, o concello elaborou un proxecto de execución de demolición para continuar co procedemento, para o cal é necesario ademais, informe de Patrimonio de Galicia. En consecuencia o concello, unha vez aprobado o proxecto remitirao á Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria, Servizo de Patrimonio Cultural para o seu informe. Unha recibido o citado informe, poñerase en coñecemento dos propietarios da edificación para proceder coa demolición.

Por último, en canto á solicitude de copia do expediente e debido a magnitude de documentos que o integran, debe o interesado indicar que documento/s concretos desexa que se lle remitan. Non procede a copia e posterior remisión de todos dada a súa amplitude.

Si ten a súa disposición o expediente para a súa comprobación todos os días hábiles de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, durante a tramitación do expediente ata a súa finalización.

En canto ao informe, remíteselle o emitido pola técnica municipal para a iniciación do expediente .

Por todo o cal, a Xunta de Goberno acorda:

1- Rexeitar a alegación presentada por don Ángel xxxxx en canto á caducidade e inadecuación do procedemento así como ao non aboamento dos custos da demolición que proceda.

2- Aprobar o proxecto de derruba da estrutura no Pico Sacro, cuxo importe total ascende a 65.809,43 €, I.V.E. incluído.

3- Remitir o proxecto a Patrimonio para o seu informe.

4- Comunicar este acordo a don Ángel xxxxx e comunicarlle, así mesmo, que tan pronto se reciba o informe do Servizo de Patrimonio Cultural daráselle traslado do mesmo, para a partires desa data, proceder coa demolición.

5- No caso de non executarse a demolición polos propietarios, realizarase polo concello ao seu cargo.

## **10. Rogos e Preguntas**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
O alcalde